

O Concello de Ares vén de iniciar o proceso licitatorio das obras de alumado público do campo de fútbol de Prados Vellos, unha actuación que será sufraga pola Deputación Provincial, cunha achega de 60.000 euros, e a propia administración local, que aportará 36.278,06 euros. En total, o orzamento base será de 96.278,06 euros.

O obxectivo desta actuación, correspondente á primeira fase do proxecto, pasa por dotar ao campo de fútbol municipal dun sistema de alumado artificial óptimo para poder desenvolver as actividades deportivas que neste recinto se celebran ao longo de todo o día. En total, son catro as torres que darán luz ao campo, que xa foi obxecto recentemente dunha importante actuación por parte da institución que dirixe Salvador Fernández Moreda e que consistiu na instalación de herba artificial. Entón, o investimento ascendeu a 300.000 euros.

A Xunta de Goberno Local do pasado xoves deu o visto á contratación desta obra, que se tramitará mediante procedemento negociado.